

Crio-Xénese · Alfonso
Becerra de Becerreá ·
Laiovento, 2007 ·
92 páx · 9 euros



CRIO-XÉNESE, EXPERIENCIA ex-tática, inacción nos extrarradios dun non-lugar brancoimpávido-deneve, escenario liminar de onde todo e nada parte, para dende alí dinamitar a gama cromática, neutralizar os instantes. Esqueizamos o reloxo e sentemos no seu reverso, único palco posíbel para o encontro con Alfa e Omega, dous seres sen forma predeterminada que habitan o punto exacto onde espazo e tempo implosionan. Eles son o primeiro e o último, principio e fin de todas as cousas, personaxes de estirpe beckettiana, pero desta volta marxinais no senso máis axustado do termo. E alí acontecen, na antesala do eterno *big-bang*, arrefriando a xénese, esquivando a apocalipse, sen máis canle física que a linguaxe.

Pero estes dous non falan para se comunicar. Falan por falar porque é así que se crea e se recrea a materia da que todo está feito: nace ao ser pronunciada e desaparece cando a palabra esmorece no ar. A súa verborrea é a existencia, o poema que enche o OCO. As palabras son a carne que os une e os separa irremisibelmente, e o que din non importa, só o movemento.. creación-destrución, vaivén infindo, violenta quietude..

Alfa e Omega conversan para escorrentar o silencio, matando literalmente o tempo, sabéndose extremos condenados a se complementar no fluxo do eterno retorno. Son Didi e Gogo en radical alteridade: na dinámica indefectíbel desta visión do intra-universo *xa é tarde para esperar a ninguén, e moito menos a Godot*, pero o certo é que as claves dramaturxicas do texto de Alfonso Becerra son as mesmas que funcionan na obra excelsa de Beckett, como se a volta a estruturas dramáticas baseadas na inacción, na problematización da comunicación humana e nun complexo tratamento estético do tempo como pluralidade de ordes fose algo así como un imperativo para a elaboración da metáfora escénica dos actuais interrogantes existenciais.

Traxedia e comedia chocan nesta *Crio-Xénese* dun só acto, ilustración agridoce da existencia para a que Alfonso Becerra recupera as fórmulas inaugurais do Teatro do Absurdo, porfiando nas teimas dos vellos. Nietzsche, Heidegger. Samuel Beckett. **//Andrea Álvarez Pino**